



## ACTA DE ACORDO NA EMPRESA SASEGUR SL

En Santiago de Compostela, ás 13.00 horas do día 25 de abril de 2019, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as representacións seguintes, asistindo á xuntanza

Representación da empresa SASEGUR SL:  
Gonzalo Núñez Sarompas

Representación sindical:

- José Manuel Brocos Baluja (CIG)
- José Antonio Antas Noche (CIG)
- Héctor López de Castro Ruíz (asesor CIG)
- Jesús M<sup>a</sup> Álvarez Fernández (asesor UGT)
- M<sup>a</sup> Teresa Santas Carral (asesora UGT)
- Susana Blanco Lavandeira (UGT)
- Marcelo Calvo Lamas (USO)
- Gemma Núñez Míguez (USO)
- Javier Souto Diéguez (asesor USO)
- Franciso Javier Gómez Barreiro (asesor USO)
- Juan Carlos García Blanco (Alternativa Sindical)

Coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, representado por Verónica Martínez Barbero, Presidenta do mesmo, e coa presenza de Tania París Rodríguez, as partes reflectidas acadan o seguinte acordo para o recoñecemento de determinadas melloras ao persoal concreto indicado nas condicións laborais:

*[Handwritten signatures and initials in blue ink]*

*[Handwritten signature: Susana B.]*

*[Handwritten signature: Tania]*

*[Handwritten signature: Marcelo]*

*[Handwritten signature: Javier]*

*[Handwritten signature: Francisco]*

*[Handwritten signature: Juan Carlos]*

*[Handwritten signature: Susana]*

*[Handwritten signature: Tania]*

*[Handwritten signature: Marcelo]*

*[Handwritten signature: Javier]*

*[Handwritten signature: Francisco]*

*[Handwritten signature: Juan Carlos]*

### 1) Ámbito de aplicación

O presente acordo será de aplicación exclusivamente as persoas traballadoras de SASEGUR, S.L. que presten servizos en centros ou instalacións cuxa titularidade corresponda á Xunta de Galicia ou as entidades ou organismos dependentes da mesma, aos que se viñeran aplicando as condicións do Convenio colectivo de ILUNION SEGURIDAD, SA. con carácter previo á súa subrogación por SASEGUR, S.L.

### 2) Normativa aplicable aos dereitos recoñecidos no acordo


a. Os dereitos previstos no presente acordo recoñeceranse nos termos e condicións recollidas no mesmo. Para todo aquilo non regulado neste acordo estarase ao establecido no Estatuto das Traballadoras e Traballadores en canto aos requisitos, procedemento e alcance do correspondente dereito.

b. Os dereitos que como melloras recoñécense no presente acordo serán de aplicación sempre que o importe das axudas ou alcance de tales dereitos sexa superior ou máis beneficioso para os traballadores e traballadoras que o previsto no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade que estea vixente en cada momento; de ser as cantidades ou dereitos previstos no devandito convenio superiores ou máis beneficiosos que os pactados no presente acordo, SASEGUR aboará ou recoñecerá para cada dereito o convencionalmente establecido.

### 3) Melloras acordadas en axudas e licenzas

#### a) Axudas por fillos e cónxuxe afectados por diversidade funcional

Como mellora e, por tanto, en substitución dos importes previstos no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade, SASEGUR, S. L. aboará, a partires do 1 de Maio de 2019, aos traballadores e traballadoras con fillos ou fillas con diversidade funcional as seguintes cantidades:



Marta  
Sergio



- 208 € mensuais durante o ano 2019 e 212 € mensuais a partir do ano 2020 e sucesivos exercicios, como complemento por cada fillo desta condición e con independencia da prestación que a Seguridade Social téñalle recoñecida, no seu caso, en concepto de axuda por diversidade funcional, para aqueles que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 75%.

-146 € mensuais durante o ano 2019 e 149 € mensuais a partir do ano 2020 e sucesivos exercicios, como complemento por cada fillo desta condición e con independencia da prestación que a Seguridade Social téñalle recoñecida, no seu caso, en concepto de axuda para diversidade funcional, para aqueles que teñan recoñecida unha discapacidade comprendida entre o 50% e o 74%.


- 130 € mensuais durante o ano 2019 e 133 € mensuais a partir do ano 2020 e sucesivos exercicios, como complemento por cada fillo desta condición e con independencia da prestación que a Seguridade Social téñalle recoñecida, no seu caso, en concepto de axuda para diversidade funcional, para aqueles que teñan recoñecida unha discapacidade comprendida entre o 33% e o 49%.

Igualmente, como mellora e, polo tanto, en substitución dos importes previstos no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade, naqueles supostos nos que o/a cónxuxe do traballador ou traballadora teña unha diversidade funcional do 65% ou superior, SASEGUR, S. L. aboará, a partires do 1 de Maio de 2019, unha contía de 145,65 € mensuais e de 148,56 € a partir do ano 2020 e sucesivos exercicios.

No caso de que dous traballadores ou traballadoras da empresa tivesen dereito á axuda polo mesmo fillo, esta abonarase só a quen de común acordo sinalen ambos os proxenitores. En caso de falta de acordo, SASEGUR, S. L. aboará a metade do importe establecido a cada un deles.

b) Licenza para acompañamento de fillos menores de 8 anos para recibir asistencia sanitaria

Como mellora das licenzas previstas no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade, os traballadores e as traballadoras de SASEGUR, S.L., nos casos de enfermidade de fillos ou fillas menores de 8 anos, terán dereito a un máximo de dous días de licenza retribuída ao ano co fin de acompañalos á asistencia sanitaria que estes deban recibir.



Cando o fillo ou a filla menor teña diversidade funcional, esta licenza concederáse por un máximo de tres días ao ano.

Para o desfrute desta licenza, o traballador ou traballadora deberá achegar previamente á empresa a documentación que acredite a cita para a asistencia médica ao menor.

No caso de que dous traballadores ou traballadoras da empresa tivesen dereito á licenza polo mesmo fillo ou filla, esta só se recoñecerá a quen de común acordo sinalen os proxenitores. En caso de falta de acordo, SASEGUR, S. L. recoñecerá ao proxenitor con maior antigüidade na empresa e, en caso de igualdade de antigüidade, ao primeiro deles por orde de apelidos e nome.

c) Licenza por enfermidade grave, accidente, ingreso hospitalario ou intervención cirúrxica.

Como mellora do previsto no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade, os traballadores e as traballadoras de SASEGUR, S. L. terán dereito, por enfermidade grave, accidente, ingreso hospitalario ou intervención cirúrxica do cónxuxe, parella de feito acreditada, así como ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade de ambos os cónxuxes, a unha licenza de 3 días, ampliables a 4 por desprazamento fóra da provincia de residencia do traballador ou traballadora.

d) Lactación

Como mellora do previsto no Convenio colectivo estatal das empresas de seguridade e do disposto no artigo 37.4 do Estatuto das Traballadoras e Traballadores, acórdase que os traballadores ou traballadoras de SASEGUR, S. L. terán dereito a unha hora diaria de licenza por lactación de fillo ou filla de ata 12 meses de idade, cuxo goce poderase fraccionar en dous períodos de media hora durante cada día ou ben substituír por unha redución dunha hora na xornada diaria. Alternativamente poderase optar por substituír esta redución por un permiso retribuído continuado de 23 días.

A duración da licenza incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples.



Esta licenza constitúe un dereito individual das traballadoras e traballadores, pero a empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo polas razóns indicadas na lexislación laboral no caso de que ambos traballen en SASEGUR SL.

#### 4) Entrada en vigor

As melloras de dereitos recoñecidos nos apartados 3 a), 3 b) e 3 d), do presente acordo entrarán en vigor o día 1 de Maio de 2019.

O dereito á mellora, en relación coa previsión do Convenio Estatal de Empresas de Seguridade, de licenza prevista no apartado 3 c) do presente acordo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021.

As partes acordan delegar no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a potestade para realizar os trámites oportunos de rexistro, depósito deste acordo ante a autoridade laboral e a súa publicación oficial.

O que asinan as partes, no lugar e data enriba sinalados, ás 14:30 h, en proba de conformidade.

